

De Ahab

Devastando o horizonte



MARGA ROMERO

O nome de Rafa Villar (Cee, 1968) vai unido ao Batallón Literario da Costa da Morte e á Colección de poesía “Letras da Cal”, mostras do novo compromiso social da poesía que tomaba a rúa a mediados dos anos 90 e procuraba novas canles de comunicación máis directa. E a rúa ocupouse, por obriga ética, co novo século e Rafa Villar vinculouse co movemento político de *Nunca Máis* que uniu a mensaxe coas máis diversas expresións artísticas, entre elas a literatura. Hai catorce anos que se fixo pública a escrita do autor de Cee que xa conta con once títulos publicados de poesía e cun público que o reconece.

Memoria de Ahab, que xa coñeciamos, foi publicado (2001) na rede na páxina do autor, hoxe inactiva, polo que non podemos comprobar se nesta nova edición,



na

coleción “Edoy Leliadoura”, hai algunha mudanza; en todo caso, nunca está de máis

achegar algunha indicación ao respecto, toda vez que tamén contribúen a valorar a rede como soporte para difundir a literatura.

O título de *Memoria de Ahab* lévanos inmediatamente a esas primeiras lecturas que aínda nos viven dentro, non esquecemos a loita do capitán Ahab contra a balea Moby Dick que nos contou Herman Melville. Nin sequera esquecemos o filme e as imaxes do mar. Ao lector correspóndelles descubrir as relacións deste libro co capitán Ahab, coa memoria do poeta e coas imaxes do mar que levamos dentro. O material que se lle ofrece son, nun primeiro apartado, cincuenta e nove poemas numerados; de seguido, “Pregunta derradeira”, que

é un só poema e, finalmente, “Rastros de mar”, un conxunto de sete composicións que nos levan á literatura nacida como contestación á catástrofe do *Prestige*. Este, para nós, non é un libro novo. O poeta mantense fiel ao verso libre, á sinxeleza do léxico e das construcións gramaticais; a evocación súxrese co fragmento do poema, que consegue en ocasións a beleza, é certo.

Mais, fronte ao que se poida pensar, non é este un libro no que nos enchopeamos no mar para buscar-nos, como en *De catro a catro*, non. Quizais porque “a memoria é/ unha escoración profunda/ que supura/ non hai mar que a conteña/ nin poema que a garde”. Este non é un libro novo, quizais por que como se nos di co brevidade do poema 29: “arde o poema/ en canto lágrima/ escribimos contra ese lume salgado/ demasiadas veces”. Este non é o mellor libro de Rafa Villar.

VILLAR, Rafa, *Memoria de Ahab*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2007, 139 páxinas.